



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Xacobeo 2021



Convocatoria Pública 1/2021

### CORRECCIÓN ERRO PRAZA 2020-PG011

Advertido erro na Resolución Reitoral do 11 de febreiro de 2021 pola que se publica a **Convocatoria 1/2021** de contratación de persoal en actividades e proxectos de investigación que figuran no Anexo á convocatoria, faise pública a corrección que a seguir se indica:

Na praza de **referencia 2020-PG011** da que é Investigador Principal D. LUIS ALBERTO OTERO GONZALEZ, titulada “Consolidación 2020 GRC GI-1866 Valoración financeira aplicada – VALFINAP Proxecto financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade”

#### 1) no apartado **CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS**

onde di:

##### **Traballo a realizar:**

Realizar mostraxes na metade sur de Galicia para detectar a posible presenza de mosquitos (dípteros), vectores de enfermidades humanas e animais. Identificación de especies de dípteros que son vectores de enfermidades. Estudo da bioloxía, ecoloxía e distribución destas especies

**debe dicir:**

##### **Traballo a realizar:**

Xestión económica do grupo Valfinap, estimando orzamentos, tramitando follas de pedimento, e elaborando programación de actividades.

Elaboración de propostas de proxectos de investigación, e mantemento de páxina web, realizando tarefas de difusión e presentación do grupo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Por delegación do Reitor,

(Resolución do 30/04/2020, DOG 11/05/2020)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri (Documento asinado electrónicamente)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 12/02/2021 13:12:49.

CSV: 914C-B4CA-4E75-8FB7